

MEMORIA

---

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DE AGENCIA,

Asdo.: FCO. Javier García Martínez

# 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS PLANOS ESPECIAIS DE MELLORA DOS NÚCLEOS RURAIS QUE SUPERARON OS INDICADORES DE EDIFICACIÓN ESTABLECIDOS NO P.X.O.U. DE VIGO

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DE AGENCIA,

Asdo.: FCO. Javier García Martínez

## 1.1 INTRODUCCIÓN

No vixente PXOU de Vigo, adaptado á Lei 11/1985, do 22 de Agosto de ADAPTACIÓN DA LEI DO SOLO DE GALICIA por aprobación definitiva da Xunta de Galicia do 29 de Abril de 1993, no art. 3.9.5, sobre condicións de planeamento de desenvolvemento no distrito periférico, prevense os indicadores a ter en conta para a formación de Planos Especiais de Mellora do Medio.

Segundo dito art. 3.9.5, para establecer a necesidade de formación dun Plano Especial de mellora do medio nos núcleos rurais no Solo non urbanizable, é preciso que en ditos núcleos se dea a situación de inicio dos seguintes indicadores:

a) Número de licencias concedidas, exercitadas ou en execución para a edificación principal, dende a entrada en vigor do PXOU, maior do 10% do número de vivendas no núcleo á aprobación do PXOU.

b) Corroboración de problemas sanitarios, con riscos de contaminación de augas superficiais, mananciais, pozos ou augas subterráneas.

No caso de calquera dos indicadores relacionados alcanzaren as situacións de inicio que se indican, o PXOU estima recomendable proceder á formación dun Plano Especial de Mellora do Medio coa finalidade establecida no art. 19.3º da LASGA. Se a concorrencia fora de dous indicadores por riba da situación de inicio, a necesidade de formación de ditos planos sería inmediata, debendo proceder o Concello á adopción do acordo correspondente.

Con data 28 de Marzo de 1995, constatadas pola oficina de Disciplina Urbanística do Excmo. Concello de Vigo a superación de ditos indicadores no Núcleo rural existente tradicional 03 26 ESPARRAMÁN D, na Parroquia de BEMBRIVE, por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal, na sesión do día 31 de Marzo de 1995, acordouse iniciar o expediente de formulación do Plano Especial de Mellora do Medio (PEMM) do Núcleo 03 26 ESPARRAMÁN D, na Parroquia de BEMBRIVE; suspender a autorización da construción de novas edificacións no seu ámbito ata a súa aprobación definitiva (art. 19.5. LASGA); e afectar a este acordo tódalas solicitudes e proxectos de obra para edificación que se presentasen con posterioridade á data da súa publicación no BOP.

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

Sen embargo durante a redacción de dito PEMM, tiveron lugar importantes modificacións legislativas que afectaron a toda a Normativa urbanística estatal e autonómica, e en particular á do planeamento de desenvolvemento de todos os núcleos rurais tradicionais da Comunidade Autónoma galega. Estas modificacións do ordenamento urbanístico afectan tanto á cualificación do solo sobre o que se asentan os núcleos rurais, como ó réxime e contido do planeamento que deben desenvolver, que supuxo unha reconsideración e adaptación á nova legalidade urbanística vixente.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

## 1.2. DISPOSICIÓN VIXENTES

Vigo, 14 FEB 2000

A Disposición Derrogatoria Única da LEI 1/1997, do 24 de Marzo, DO SOLO DE GALICIA (LESGA) derogou completamente a Lei 11/1985, do 22 de Agosto, de adaptación da do Solo a Galicia, así como as demais disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido nesta Lei.

Ó mesmo tempo a SENTENCIA do 30 de Marzo de 1997, DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL, declarou inconstitucional gran parte do articulado básico e supletorio do Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana (R.D.L. 1/1992, do 26 de Xuño), confirmando en tódolos aspectos anulados o carácter preferente e a competencia exclusiva da lexislación dictada polas Comunidades Autónomas, en especial e no que aquí interesa en materia de definición, clasificación e planeamento do desenvolvemento dos Núcleos de poboación e solo sobre os que se asenten.

Polo tanto actualmente o planeamento de desenvolvemento dos Núcleos rurais de Vigo encóntrase suxeito á seguinte normativa urbanística:

- Lei 1/1997, do 24 de Marzo, do Solo de Galicia (LESGA).
- Artigos vixentes do RDL 1/1992, do 26 de Xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, segundo a S.T.C. do 30 de Marzo de 1997.
- Regulamento de planeamento aprobado polo R.D. 2159/1978, do 23 de Xuño, segundo a táboa de vixencias aprobada polo Real Decreto 304/1993, do 26 de Febreiro e en todo o que se opoña á LESGA ou resulte afectado por ela.
- Plano Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, adaptado á LASGA por aprobación definitiva da Xunta do 29 de Abril de 1993.

- Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, en todo o que se opoñan á LESGA e PXOU de Vigo ou resulten afectas por elas.

Vigo, 17 de ABRIL de 1998

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º

### 1.3. ADAPTACIÓN DO PLANEAMENTO DE DESNVOLVEMENTO Á LEXISLACIÓN VIXENTE

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

Vigo,

14 de FEB de 1998

A LASGA do 22 de Agosto de 1985 non consideraba os núcleos rurais galegos como unha categoría específica do solo, senón especial e conformador de cada tipo de solo. Deste modo concibía en Galicia dúas categorías de Núcleos de poboación existentes: os urbanos e os rurais; á súa vez estes núcleos podían ser de dous tipos: tradicionais ou de recente formación. A clasificación do solo viría determinada polo tipo de núcleo de poboación que se asentase nel.

A LASGA prevía que os núcleos de poboación rurais tradicionais clasificados en Solo non Urbanizable se desenvolverían por medio de Planos Especiais de Mellora do Medio. Así mesmo establecía a necesidade de que os Planos Xerais preveran os indicadores a partir dos cales ditos Núcleos rurais de poboación en Solo Non Urbanizable requirían obrigatoriamente un tratamento mediante PEMM, para asegurar a creación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios en proporción adecuada ás necesidades colectivas e características da poboación, saneamento e mellora dos servizos públicos, medio ambiente, resolución dos problemas de circulación e outros similares.

Esta previsión legal é a orixe dos indicadores establecidos no sinalado art. 3.9.5 do PXOU de Vigo, indicadores que nas zonas afectadas por este documento foron superados.

Sen embargo, a entrada en vigor da nova LESGA derogou completamente a LASGA de 1985 e estableceu un novo réxime xurídico que afecta ó solo sobre o que se asentan os núcleos de poboación galegos, así como ó correspondente planeamento de desenvolvemento. Isto motiva a procedencia de que a redacción dos previstos PEMM se elabore conforme ás novas prescricións legais, tanto no que respecta á súa denominación e forma, como ó contido.

Na vixente LESGA desapareceu a anterior clasificación dos núcleos de poboación en urbanos, rurais tradicionais e de recente formación, así como a clasificación do Solo, segundo o tipo de núcleo do que é asentamento. Agora os núcleos de poboación desenvolveranse urbanisticamente conforme ás prescricións que correspondan ó tipo de solo no que se encontran, sexa urbano, urbanizable ou rural, agás un tipo específico de núcleo de poboación que á súa vez constitúe unha determinada clase de solo: o SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Vigo, 17 ABR 1998

Dita clase de solo de Núcleo rural, segundo a Disposición Transitoria 2 pdo.5 da LESGA, correspondese unicamente co que a anterior LESGA denominaba SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEOS RURAIS TRADICIONAIS, O seu réxime xurídico e desenvolvemento cinxirase ó disposto no art. 76 da LESGA. para esta clase de solo, e os seus instrumentos de desenvolvemento redactaranse baixo a forma de PLANOS ESPECIAS DE MELLORA DOS NÚCLEOS RURAIS (PEMN).

Esta é a razón pola que á hora de redactar o presente instrumento se estima necesario a modificación da inicial denominación, forma e contido, pasando a ser un PLANO ESPECIAL DE MELLORA DO NÚCLEO RURAL 03 26 ESPARRAMÁN D DA PARROQUIA DE BEMBRIVE.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

#### 1.4. CLASIFICACIÓN DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

A clasificación do Núcleo 03 26 Esparramán D, da parroquia de Bembrive, como de Solo de Núcleo Rural, non só vén determinada polo disposto na mencionada Disposición Transitoria Segunda pdo. 5 da LESGA, que identifica os núcleos rurais tradicionais no solo non urbanizable con este tipo de solo, senón tamén por coincidir coa definición que o art. 75 da Lei fai do núcleo rural, é dicir porque é unha área do territorio que, por existir agrupacións de vivendas e xurdir relacións propias da vida comunitaria, constitúe un asentamento de poboación singularizado por un topónimo, diferenciado nos censos e padróns oficiais e identificado como tal pola poboación residente e pola práctica administrativa local, caracterizándose pola súa especial vinculación coas actividades do sector primario de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro e análogos.

A delimitación gráfica vén determinada en función da división da propiedade dos terreos, condicións topográficas, elementos naturais e infraestrutura existente.

#### 1.5. RÉXIME XURÍDICO DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

Este solo estará destinado ós usos relacionados coas actividades propias do medio rural e coas necesidades da poboación residente en ditos núcleos. Non se poderá autorizar ningunha clase de edificación se non estivera resolta a disponibilidad, polo menos, dos servicios de acceso rodado, saneamento, abastecemento de auga e enerxía eléctrica. Cando o uso á que se destine a edificación e o terreo o requira, esixirase a dotación de aparcamento suficiente.

Cando se pretenda construír novas edificacións, ou substituír as existentes, os propietarios deberán cederlle gratuitamente ó concello, os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso, e executar, á súa costa, a conexión cos servizos existentes no núcleo. Para estes efectos, cando sexa necesario proceder á apertura de viais de acceso en áreas non consolidadas pola edificación, estes deberán ter un ancho mínimo de 8 metros.

Os tipos de construción deberán ser axustados á súa condición de edificacións propias do medio rural no que se emprazan, quedando prohibidas as características das zonas urbanas.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

### 1.6. NECESIDADE DUN PEMN

O SECRETARIO DA XERENCIA,

A xustificación da redacción do presente PEMN vén determinada, non só pola constatación das circunstancias sinaladas no Pleno do Excmo. Concello de Vigo do 31 de Marzo de 1996, senón tamén porque estas circunstancias actualmente se corresponden coas mencionadas no art. 27 pds. 1 e 2 da LESGA.

Dito art. da LESGA establece a obrigaón de redactar un PEMN cando nos núcleos rurais (antes núcleos rurais tradicionais sobre solo non urbanizable) se produzan os indicadores que acrediten a existencia dunha situación de complexidade urbanística no núcleo rural, de acordo coas previsións do Plano Xeral. Así mesmo, podrán redactarse estes planos especiais cando as circunstancias urbanísticas así o aconsellen, ou co obxecto de desenvolver unha actuación integral sobre unha parte do núcleo rural.

Todas estas circunstancias son encadrables por motivos que o Pleno Municipal do 31 de Marzo de 1996 estimou concorrentes no núcleo rural 03 26 ESPARRAMÁN D, da Parroquia de Bembrive, pois estes indicadores dos que fala o art. 27 pdo. 1 da LESGA son equiparables ós establecidos na norma 3.9.5 do PXOU de Vigo redactada de acordo co antigo art. 19 pdo. 3 da LASGA, e ditos indicadores prevéronse no Plano Xeral co fin de identificar as situacións de complexidade urbanística e a necesidade de desenvolver unha actuación integral sobre unha parte ou a totalidade do núcleo rural.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### 1.7. OBXECTIVO.MOTIVO

Vigo, 14 FEB 2000

O presente PEMN ten como finalidade o establecemento dunha ordenación urbanística pormenorizada no ámbito do núcleo rural delimitado polo PXOU como 03 26 ESPARRAMÁN D, da Parroquia de Bembrive. Asdo.: Fco. Javier García Martínez

O SECRETARIO DA XERENCIA,

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo,

17 ABR 1998

En especial ten como obxecto asegurar a creación de dotacións urbanísticas e equipamentos comunitarios en proporción adecuada ás necesidades colectivas e características da poboación, saneamento e mellora dos servizos públicos, medio ambiente, resolución de problemas de circulación e outros análogos.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Sen embargo o presente PEMN non ten por finalidade transformar a clasificación do solo que desenvolve. En contra do que dispuña o art. 17, pfo. 7º, da derogada LASGA -que permitía ó PXOU indicar cando, por medio dun PEMM, se podía cambiar a clasificación do solo dun núcleo rural tradicional, de solo non urbanizable a solo urbano-, a vixente LESGA non permite que os PEMN alteren a clasificación do solo que desenvolven, ó ser todo el -Solo de Núcleo Rural- unha clase específica de solo diferenciada de tódalas demais.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### 1.8. DETERMINACIÓNS E DOCUMENTOS

Vigo,

14 FEB 2000

Conforme ó art. 27 pdo. 3 da LESGA o presente PEMN contén as seguintes determinacións:

O SECRETARIO DE GOBERNANCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

1.- Xustificación da procedencia da súa formulación, tendo en conta as previsións do Plano Xeral de Ordenación Municipal.

2.- Determinación, no seu caso, das áreas de actuación integral que sexa conveniente establecer.

3.- Dotacións Urbanísticas, equipamentos, infraestruturas comunitarias axustadas ás necesidades da poboación.

4.- Medidas encamiñadas á conservación e mellora do medio ambiente e das características tradicionais do núcleo e das edificacións.

5.- Condicións mínimas de urbanización e, no seu caso, prazo para a súa execución.

6.- No seu caso, programa de actuacións concertadas cos particulares e das comprometidas coas administracións públicas.

Estas determinacións concrétanse nos seguintes documentos, de acordo co disposto no art. 77 pdo. 2 RP.

a) Memoria descritiva e xustificación da conveniencia e oportunidade do presente PEMN

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

SECRETARIO DA XERENCIA,

Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

b) Estudos complementarios.

c) Planos de información e ordenación a escala adecuada.

d) Normas mínimas ás que haxan de axustarse os proxectos técnicos cando se trate de desenvolver obras de infraestrutura e de saneamento.

e) Estudio económico-financeiro.

### 1.9. EXECUCIÓN

No caso de que o presente PEMN prevea desenvolver unha actuación integral sobre unha parte do Núcleo Rural, os propietarios do solo están obrigados a:

a) Cederlle gratuitamente ó Concello os terreos destinados a viais, equipamentos e dotacións públicas.

b) Ceder o terreo necesario para situar o 15% do aproveitamento correspondente ó Concello.

c) Custear a execución das obras de urbanización previstas neste PEMN.

d) Solicitar a licencia de edificación e edificar cando o PEMN o estableza.

Neste caso, o aproveitamento urbanístico dos propietarios dos terreos será o 85% do aproveitamento que resulte do establecido no PEMN.

A densidade máxima será de 25 viv/hcta. e a tipoloxía das edificacións será congruente coas existentes no núcleo.

### 1.10. MODIFICACIÓN E INCUMPRIMENTO DOS PRAZOS

O presente Plano Especial poderá establecer as circunstancias que determinen a procedencia da modificación dos prazos previstos para a urbanización e, no seu caso, para a edificación.

A modificación dos prazos fixados polo planeamento resolveraa definitivamente o Concello, despois da aprobación inicial e información pública polo prazo dun mes e con informe favorable do Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, ó que se lle dará conta da aprobación definitiva, se esta procedera.



- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

Nos supostos de actuacións urbanísticas de iniciativa privada, o incumprimento inxustificable dos deberes de cesión, de distribución de cargas e beneficios e de urbanización nos prazos establecidos dará lugar á perda das correspondentes facultades urbanísticas.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

A perda das facultades urbanísticas á que se refire os apartados anteriores producirase a partir do momento en que se lles notifique os propietarios afectados a resolución declarativa do incumprimento dos deberes urbanísticos, dictada despois da audiencia do interesado. Ata ese momento poderán os propietarios iniciar ou proseguir o proceso de urbanización.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### 1.11. POLÍGONOS

Vigo, 14 FEB 2000

Conforme ó disposto no art. 120 pfo. 2º da LESGA, no caso de que o presente PEMN prevea unha actuación integral sobre unha parte do núcleo rural, tódolos terreos, agás os sistemas xerais, no seu caso quedarán incluídos en polígonos.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Os polígonos configúranse como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento e serán delimitados de forma que permitan o cumprimento do conxunto dos deberes de cesión, de urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da superficie.

A execución do planeamento realizarase por polígonos completos, excepto cando se trate de executar directamente os sistemas xerais, de operacións simplemente reparcelatorias que non implique un proceso de execución integral ou de realizar actuacións illadas no solo urbano.

Cando a delimitación dos polígonos non estea determinada na ordenación pormenorizada do Plano Xeral, realizarase mediante un procedemento establecido no art. 1.2.1 da LESGA: será aprobada de oficio polo Concello ou por instancia dos particulares interesados, despois da información pública por prazo de 20 días, con citación persoal dos propietarios afectados. Cando os propietarios sexan descoñecidos, a notificación farase por medio de anuncios no taboleiro do Concello e no DOGA.

O expediente de delimitación do polígono deberá conter a relación dos propietarios e dos bens inmoables afectados, e na súa tramitación observarán as regras sobre prazos, subrogación e aprobación por acto presunto previsto no art. 102 da LESGA.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,  
cando proceda dos

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Suxeitarase á mesma tramitación a modificación polígonos xa delimitados.

### 1.12. SISTEMAS DE ACTUACIÓN

Os polígonos desenvolveranse polo sistema de actuación que a administración determine en cada caso, podendo ser os seguintes:

- a) Cooperación
- b) Compensación
- c) Expropiación

Este documento forma parte do expediente n.º

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DA XERENCIA,

A elección do sistema de actuación, procedemento para a súa determinación e execución desenvolverase conforme ó disposto nos arts 124 e seguintes da LESGA.

Este documento forma parte do expediente n.º

1 - 4574 / 411 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DE LA PRECENCIA,

## 2. CONVENIO CONCELLO-COAG

Para a redacción do PEMM, o Concello de Vigo asinou un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Subdelegación de Vigo) con data 22 de Novembro de 1996.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4574 / 411 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEBR 2003

O SECRETARIO DE LA PRECENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA AGENCIA,

Asdo.: Edo. Javier García Martínez

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### 3. ÁMBITO E SITUACIÓN

#### A) O NÚCLEO DE ESPARRAMÁN

##### Información do territorio.

##### Superficie:

O núcleo de Esparramán ten unha superficie total de 4.73 Hectáreas.

##### Altitude:

Pódese dicir que o núcleo se encontra entre os 42º 12' 19" 34 e os 42º 12' 04" 34 de altitude.

##### Lonxitude:

A ubicación do núcleo canto á lonxitude está entre os 8º 40' 40" 22 e os 8º 40' 10" 23.

#### B) SITUACIÓN EN VIGO E NA PARROQUIA. LÍMITES

##### Relación co núcleo:

O núcleo de Esparramán encóntrase ó sueste do centro urbano da cidade de Vigo, aproximadamente a uns 5 quilómetros deste.

Esta constituído dentro da parroquia de Santiago de Bembrive, da que se tomaron os datos desta información urbanística.

Sitúase respecto á parroquia ó sur desta. Depende directamente do núcleo de Mosteiro como núcleo urbano máis próximo, do que se nutre en primeiro termo, xa que a actividade comercial é nula salvo no referido á agricultura.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## 4. O MEDIO FÍSICO

### Plano xeográfico:

A situación dende o punto de vista do relevo en que se atopa o núcleo é de media ladeira. O terreo baixa dende a cota +240 no seu punto límite ó Leste ata a cota +205 situada no límite ó Oeste.

Nalgúns puntos concretos do núcleo esta pendente faise bastante acusada, como é no caso de varios tramos da rúa de Xestoso no seu lado Norte, ou no límite formado polo camiño de Figueiras ó Oeste.

O núcleo de Esparramán atópase nunha das cotas máis altas do concello de Vigo. Linda co concello de Mos ó Leste.

### Orientación:

Debido á súa acusada pendente Leste-Oeste o núcleo vólcase ó poente. Polo tanto a orientación do conxunto, xa que este ten un carácter lineal ó longo da rúa, é de abrirse completamente ó Oeste.

### Auga:

A situación neste sentido é un tanto singular xa que non existe ningún río ou regato importante na cota en que se atopa o núcleo. O único río que hai na zona é o río de Mosteiro pero sitúase fóra do núcleo. Posúe, sen embargo, un complexo e completo sistema de regadío que abarca a totalidade do núcleo e que se xenera a unha cota superior por medio de mananciais que o surten.

Tamén existe unha rede de presas ( Das Regadas, Da Fonte, Dos Barriños, Da Regada dos Muíños,...) asociada á rede de regadío coas que se racionaliza o subministro de auga a este.

A este regadío tamén se verten as augas pluviais das vivendas e nalgún caso, prexudicial en todo momento, os desaugadoiros de piscinas ou de augas sucias de cociñas.

A traída de augas para consumo é particular, regulada pola Xunta e cunha previsión de crecemento do núcleo do 25 %, o que fai que esta sexa suficiente no contexto da nova ordenación co P.E.M.M. A fonte de subministración é mediante mananciais situados no Monte das Aradas.

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Vigo, Fco. Javier García Martínez

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### **Vexetación:**

O núcleo está constituído por praderío na práctica totalidade da súa extensión salvo pequenas masas forestais puntuais de vexetación autóctona con especies diferentes.

Está rodeado de área forestal alí onde o terreo se converte en monte comunal, predominando masas de coníferas e eucaliptos. Cara ó Oeste existe unha pequena carballeira limitando co río de Mosteiro, de importante valor paisaxístico e biolóxico.

A nivel particular soamente hai un caso reseñable de vexetación singular que o constitúe a primeira parcela ubicada máis ó norte en que hay unha masa importante de vexetación con especies non arraigadas del todo na nosa comunidade como son palmeiras ou masas de bambú que a fan singular. Nos demais casos soen ser árbores de pouca entidade e en lugares moi puntuais.

Canto ó cultivo das parcelas pódese dicir que estas na súa maioría mostran actividade, ben xerando pasteiros ou para autoconsumo por medio de pequenas hortas. Tamén hai cultivo de produtos vitivinícolas nelas.

A oferta de espazos axardinados colectivos é nula ó non disporse de zonas verdes como figura na ficha do Plano Xeral de Ordenación Urbana. Soamente as parcelas particulares se coidan neste aspecto e en casos moi puntuais.

### **Climatoloxía:**

O clima predominante é o Atlántico. Caracterízase este por ser un clima temperado e húmido.

### **Asentamento:**

Como xa se mencionou antes o asentamento faise en torno á Rúa de Xestoso desenvolvéndose este de forma lineal. Este vial é de crucial importancia no desenvolvemento do Plano Especial de Mellora do Medio.

Respecto á parroquia de Santiago de Bembrive pódese considerar este núcleo como un elemento puntual un tanto illado dentro dela coa única conexión da rúa que é a que a une ó barrio de Xestoso e que nun futuro facilitará a súa conexión.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

O núcleo está perdendo o seu carácter rural gracias a que aparecen vivendas nas que a actividade principal profesional está máis ben ligada ó mercado de traballo xerado no núcleo urbano de Vigo e están afastadas da economía de subsistencia que xeraban as súas parcelas destinadas a hortas.

O tipo de vivenda común do núcleo é de vivendas unifamiliares illadas. Algúns propietarios, na súa maioría de avanzada idade, continúan cultivando parcelas pero totalmente desligadas na maioría dos casos da parcela en que se atopa a vivenda.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2009

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA ALCALDIA,

## 5. O MEDIO SOCIOECONÓMICO

Pártese da parroquia como unidade de análise e célula de organización tradicional.

Segundo a memoria do Plano Xeral de Ordenación Urbana a parroquia de Santiago de Bembrive atópase no distrito 7, sección 3,4,17.

Bembrive ten un carácter basicamente rural. Nos anos que van do 1.980 ó 1.991 a súa poboación experimentou un leve incremento nun 18.2 %. As súas connotacións rurais levan a pensar que a súa poboación tenderá a estancarse nos próximos anos.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4574/411 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

### Dinamismo da poboación:

De 1.980 a 1.991 Bembrive tivo un incremento de poboación de 712,0 A súa poboación total en 1.991 era de 4.521 persoas, o que supón unha porcentaxe do 1.6 % respecto do total municipal. A densidade de poboación é de 483 Hab./Km2 para toda á parroquia.

Vigo,

14 FEBR 2000

O SECRETARIO DA ALCALDIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

No ano 90 o crecemento vexetativo de Bembrive era de -2 pero isto está variando xa que a tendencia é a diminuír a mortalidade debido en boa medida ás pautas sociolóxicas e económicas xeradas polo modo de vida urbano que tende a imperar na parroquia. De todos os xeitos non se aprecia nesta parroquia unha gran dinámica interna.

### Sector servicios:

Neste punto é onde máis se ve a dependencia externa do núcleo xa que a carencia de servicios é total. Este é un dos factores máis vencellados o desenvolvemento do núcleo xa que fai diminuír a dinámica de crecemento do mesmo.

Pódense agrupar os servicios dos que o núcleo se nutre no barrio de Mosteiro, que é o máis próximo, como: Cemiterio, Servicio de correos, Equipamento sociocultural, Pista polideportiva, Equipamento comercial.

O resto dos servicios agrúpanse en núcleos próximos de maior entidade ou principalmente no centro urbano do concello de Vigo, o que lle separa soamente a dez minutos gracias á nova autovía do noroeste.





Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## **6. O MEDIO URBANO O MEDIO URBÁN.**

### **6.1. DESCRICIÓN DO NÚCLEO.**

A tipoloxía do núcleo é de tipo lineal, asentándose ó longo da rúa de Xestoso, entendéndose o núcleo como a extensión do núcleo rural de Xestoso.

O desenvolvemento do núcleo sitúase partindo de 4 vivendas antigas : as situadas na rúa de Xestoso, nos números 11, 49 e 63 e a situada no camiño do Pazo nº 1.

A orixe do núcleo é claramente rural o que se deduce da lectura da tipoloxía das 4 vivendas indicadas ( 3 delas aínda conservan os ses hórreos tradicionais ).

As edificacións posteriores desvínculanse da orixe rural e prexentábase como residencias de xente que ten o seu traballo na cidade.

O núcleo é de carácter concentrado ó longo da estrada.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### **6.2. CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.**

A cualificación urbanística do núcleo é segundo o PXOU de Vigo do ano 93 a que establece a ordenanza 1.3.B. de edificación unifamiliar illada de densidade media, establecéndose unha ordenanza transitoria po lo que respecta á parcela mínima, cunha superficie de 750 m2.

Dita ordenanza ten carácter transitorio ata alcanzar un número de licencias de vivendas igual ó 10 % do número de vivendas existentes (13) , o que establece neste núcleo unha cantidade tope de dúas licencias. Posto que dito número foi alcanzado e incluso superado ( 3 licencias concedidas), é obrigado a redacción do PEMM obxecto deste traballo , acordo tomado en sesión plenaria ó 31 de Marzo de 1995 publicado no BOP ó 12 de Mayo de 1995.

As tre obras están en execución a data de Marzo de 1997, e non existen obras que se estean a executar sen licencia.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### 6.3. ELEMENTOS CATALOGADOS.

Os elementos de interese situados no interior do ámbito do núcleo que están catalogados son os seguintes :

1.- O camiño tradicional que partindo da rúa de Xestoso discorre contiguo á chamada finca de Senín (exterior ó núcleo), polo seu valor dos cerramentos laterais ( cachotes de pedra ) así como tamén pola súa cubrición (emparrados de vide ).

2.- As presas do núcleo, situadas nos planos, que teñen os nomes de :

- Presa das Regadas.
- Presa dos Barriños.
- Presa da Regada do Muíño.

Propónse a súa conservación e limpeza polo seu valor paisaxístico e ambiental, así como tamén por seren básicas para a infraestrutura hidráulica do sistema de rego das eiras do núcleo.

3.- Lavadoiro e Fonte das Regadas .

Por ser o punto de encontro de varias canalizacións do sistema de rega ó igual que as presas.

4.- Sistema de canalizacións de auga para a rega, en particular os tramos que o fan o aire polo seu valor ambiental, sonoro, poético...

5.- Os hórreos existentes no ámbito do núcleo, que son 3, correspondentes a dúas das construcións máis antigas do núcleo . Ditos hórreos están situados nas seguintes propiedades :

- Rúa de Xestoso 13.
- Camiño do Pazo nº 1 e 4.

6.- Por último e tamén tendo en conta o seu valor paisaxístico, catalógase unha antiga canteira, situada nuns penedos, enclave máis elevado do núcleo a cota 240 metros.

Desta maneira, o número de elementos de interese no interior do ámbito do núcleo, sitúase en 10.

Por outra banda, fóra do ámbito, existen algúns elementos ligados funcionalmente ó núcleo ós que debemos facer mención. Estes elementos están situados no entorno do Río Mosteiro, trátase de dous muíños coñecidos como :

- Muíño vello.- Con típica cuberta de tella do país a unha auga , que aínda conserva.

- Muíño vello de arriba.- En moi mal estado de conservación, fáltalle a cubrición, porta, moa, etc. Soamente se conservan os muros e os canais de acceso da auga.

- A carballeira situada no lugar chamado de Xalón, con carballos en bo estado de conservación e que constituía o ambiente previo á chegada ós muíños antes citados dende os lugares de Paio e de Chans.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado INICIALMENTE con esta data

Vigo, 17 ABR 1998

Fóra do ámbito do núcleo na zona oriental sitúanse as presas que dan auga ó sistema de rega de eiras do núcleo, ditas presas son :

- Presa de Gancho.
- Presa de Esparramáns.

Esta última dálle o nome á zona delimitada como núcleo no PXOU 93.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

#### 6.4. AGRESIÓNS Ó MEDIO.

O medio urbano non sufríu importantes alteracións, as que cabe citar co ánimo de correxir son as seguintes :

- Tendido aéreo eléctrico e telefónico moi confuso e embarullado, que sería conveniente reordenar. E na medida do posible entubar baixo terra, co fin de recuperar o ambiente rural do núcleo.

- Verquidos de augas residuais á rede de rega.

Dito problema quedará resolto co plantexamento do sistema de saneamento e a obriga de conexión a él de tódalas augas residuais.

- Tipoloxía edificatoria con demasiada altura, a topografía da zona, con moita pendente propicia o xurdimento de vivendas novas cun exceso de volume cara ó val.

Esta agresión á paisaxe, que non cometían as vivendas tradicionais, tratará de ser corrixida con novas ordenanzas para a zona, que aborden a resolución do problema particular do núcleo , coa súa importante pendente oeste - leste.

#### 6.5. PROPIEDAD DO SOLO.

Das 61 parcelas existentes no núcleo, hai que indicar que 18 delas están edificadas ou en proceso de edificación, o que constitúe un 28 % do total.

Po lo que respecta ás 43 parcelas non edificadas o número delas que son susceptibles de admitir a edificación , supoñendo como parcela mínima a indicada na ordenanza 1.3. B. ( 500 m2 ) é de 14.

Polo que o 47 % das propiedades do núcleo, son no momento actual inedificables ou ben por non alcanzar a parcela mínima, por non ter acceso a camiño ou por non ter rede de sumidoiros ou non poder mancomunar fosas sépticas con superficie de parcelas maior a 1000 m2.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -  
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DE EXPERIENCIA,

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Dese 47 % a problemática é a seguinte :

Parcelas entre 300 e 500 m., con ancho menor a 11 m. = 12 parcelas.

Parcelas entre 300 e 500 m., con ancho maior a 11 m. = 10 parcelas .

Parcelas menores a 300 m. = 7 parcelas.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## 6.6. EDIFICACIÓNS.

### 6.A. Usos.

O uso único das edificacións da zona de estudio é o de vivenda, algunhas edificacións de carácter subordinado á principal, constituindo alpendres, garaxes, lagares ou hórreos.

Non existe uso industrial, nin hai uso residencial ou terciario.

### 6.B. Estado.

O estado xeral das edificacións é bo, existindo algunhas que necesitan algún tipo de melloras e unha que se encontra en estado ruinoso.

Existen tamén 3 vivendas en construción, as que teñen as licencias citadas e outras dúas máis con licencias anteriores ó PXOU-93, aínda non rematadas, e situadas na rúa de Xestoso 22 e 38.

A referencia pormenorizada a todas elas, sitúase nas fichas de intervención xeral.

### 6.C. Alturas.

O número de alturas máis habitual no núcleo e o de baixo-piso e aproveitamento en baixo cuberta ( faiado ).

É interesante o salientar que as vivendas tradicionais primeiras do núcleo eran de planta baixa, algunhas aínda se conservan e outras están en estado ruinoso.

As vivendas seguintes de baixo e piso, tiñan un espazo baixo-cuberta escasamente aproveitado, que constituía unicamente a cubrición da vivenda, sin intención de ser espazos vivideiros.

Sendo nos últimos anos cando xorden as edificacións de baixo , piso e aproveitamento baixo cuberta de máis volume e pensado para vivir, polo cal a edificación obtén un porte moito maior que as vivendas tradicionais, anomalía a que xa fixemos referencia e que convén corrixir.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

#### 6. D. Idade.

Á idade das edificacións faise referencia nas fichas de intervención xeral, sendo a de 5 delas superior a 25 anos, dúas teñen menos de 2 anos e 5 están en construción, o que mostra claramente o carácter dinámico do núcleo, e da demanda de construción na zona.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

#### 6.E. Características constructivas.

##### Estructura.

- As vivendas tradicionais teñen estrutura de muros de carga de cachotería granítica.

- As novas construcións teñen estrutura de traves e pés dereitos de formigón ou están feitas con muros de carga de pedra tipo Mondariz ou Porriño.

##### Fachadas.

A meirande parte é de pedra tipo Albera nas tradicionais e tipo Mondariz ou Porriño nas novas.

Existen algunhas acabadas con ladrillo revestido e pintado de cor branco.

##### Carpinterías.

Son todas, a excepción dunha tradicional que aínda conserva as de madeira, de aluminio, a meirande parte delas con acabado anodizado natural e outras lacadas en cor branco.

##### Tellados.

O material máis utilizado é a tella cerámica, ben en forma de curva, plana ou mixta, existe tamén unha vivenda con cuberta de pizarra.

#### 6. F. Ocupación.

Son todas as vivendas primeiras residencias, a excepción dunha ( Rúa de Xestoso 22 ).

Están ocupadas todas as vivendas a excepción das 3 en construción , a catalogada como ruína é a anteriormente referenciada ( Rúa de Xestoso 20 ) en construción, pero en abandono dende hai máis de 10 anos.

#### 6. G. Tipoloxía.

A tipoloxía edificatoria é de tipo lineal seguindo a direccionalidade das parcelas, as cales teñen esa tipoloxía alargada seguindo a pendente do terreo, co fin de que todas elas teñan acceso ó sistema de rega para que a auga regase a totalidade da propiedade.

É dicir, que o actual asentamento de vivendas e a súa situación no territorio, contraria na súa meirande parte á dirección das curvas de nivel, ten a súa orixe no procedemento tradicional do sistema de rega das eiras.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

## 6.H. Valoración arquitectónica.

Os elementos arquitectónicos referenciados son :

- A casa de Senín, situada no bordo do núcleo, pero fóra del, ó norte da delimitación na rúa de Xestoso, nº 63, pola súa tipoloxía, construcións adxectivas e espazos axardinados.

- Tamén ten un especial interese o sistema de rega das eiras do núcleo, partindo das presas situadas na parte máis elevada do barrio de Xestoso, na zona coñecida como camiño de Esparramás, parten as canalizacións de auga que chegan á zona de estudo, en parte esas canalizacións van descubertas e noutras están entubadas.

O interese está en que ese sistema de rega das parcelas fai entender a súa tipoloxía, así como tamén o feito de que esta zona era primitivamente un conxunto de eiras das xentes residentes no veciño núcleo de Xestoso, moito máis poblado.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

## **6.7. INFRAESTRUCTURAS.**

### 6.7.1. Abastecemento de auga potable.

O núcleo forma parte da comunidade de usuarios da traída de augas do barrio de Xestoso, dita traída foi iniciada en 1980, subministrando a máis de 92 vivendas do referido barrio.

Vigo, 14 FEB 2008

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Dita comunidade de usuarios encóntrase rexistrada na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia.

A traída componse de :

1.- Seis mananciais situados no monte comunal - veciñal denominado " ARADAS " ubicado na expresada parroquia de Bembrive, que subministran a auga necesaria con caudais variables segundo a época do ano, pero sempre superior a 0'80 L / sg., o cal é de abondo para as necesidades da Comunidade.

2.- Dous depósitos reguladores cunha capacidade de 192.360 L. e 95.120 L., ámbolos dous coa súa correspondente cámara de chaves.

3.- Rede xeral de distribución, mediante tubería de polietileno, cos diámetros indicados na documentación gráfica adxunta, que transporta a auga a tódalas vivendas por presión.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

As tuberías están enterradas e suficientemente protexidas para evitar a súa ruptura polo tráfico. A Traída de Augas do Barrio de Xestoso, atópase en bo estado de funcionamento, existindo un correcto mantemento por parte dos comuneiros, o cal inclúe reparación de fugas, instalación de novas acometidas, etc. O seu dimensionado foi realizado para permitir a subministración a 117 vivendas.

4.- Consumos.

Os membros da Comunidade de Augas a abastecer son 100, pero espérase un crecemento da poboación en 25 anos do 20 %, dado que estes lugares pertencen ás aforas da cidade de Vigo e a tendencia do conxunto da cidade é a crecer cara ás súas áreas periféricas.

Polo tanto, o consumo previsto nese horizonte de 25 anos será de :

100 vivendas * 5 hab / viv .....	500 habitantes
500 Hab * 25 % incremento .....	625 habitantes
625 Hab * 250 l. / hab. día .....	156.250 l. / día

O consumo anual será pois, de :

156.250 m3 / día equivalente a 54. 031, 25 m3 / ano.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

A produción é suficiente pra abastecer as necesidades dos comuneiros existentes.

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DA XERENCIA,

5.- Mananciais.

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Os mananciais existentes son seis, pertencentes á parroquia de Bembrive, cuxa situación se indica na documentación gráfica adxunta.

Mananciais nº 1, 2, 3, 4, ( Denominados " LAGOAS ALTAS " ).

Os catro mananciais subministran auga ó Depósito Xeral Distribuidor.

Manancial nº 5 ( Denominado " MINA DE CASTIÑEIRA " ).

Este manantial tamén abastece auga ó Depósito Xeral Distribuidor.

Manancial nº 6 ( Denominado " MINA PÉ DE CERDEIRA " ).

Este manancial subministra auga ó Depósito Auxiliar, que dá servico a metade do seu caudal á Comunidade e a outra ó Servicio Provincial do ICONA.

Tódolos mananciais están moi cerca uns dos outros, de maneira que, os seus caudais chegan pola súa propia gravidade ós depósitos respectivos.

Sumando os caudais mínimos de tódolos mananciais, obtense un caudal de 1.35 L / seg. en verán, o cal cobre tódalas necesidades da Comunidade ( máximo de 117 vivendas ).



Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DE XERENCIA,

## 6.- Depósitos.

Hai un único depósito regulador. Ten unha capacidade aproximada de 50 m<sup>3</sup>, de planta cadrada, construído en formigón armado e con cuberta de forxado de formigón alixeirado. Dispón de cámara de chaves e clorímetro dentro do recinto do depósito. Todo cerrado e con porta metálica provista de pechadura.

As dimensións e detalles especificáanse nos planos.

## 7.- Rede de distribución.

A rede de distribución é de tubos de polietileno de alta densidade, especial para uso alimentario, de 10 atm. de presión de traballo e distintos diámetros, segundo necesidades.

A rede é de configuración lineal, debido á disposición dos usuarios.

Instalaranse bocas de riego, coa súa correspondente arqueta, nos puntos donde haxa máis concentración de vivendas ou onde se estime necesario.

As tomas individuais son de 3 / 4 " e van provistas de contador e chave de paso.

Hai instaladas válvulas de peche en tódolos ramais.

Este documento forma parte do expediente n.º

- 4574/411 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DE XERENCIA,

O núcleo carece na actualidade de rede de sumidoiros, dispoñendo unicamente de fosas sépticas individuais para cada vivenda. Sendo esta unha das principais carencias do núcleo, é algo a subsanar polo presente Plano Especial de Mellora do Medio.

A rede xeral máis próxima está situada nos camiños dos Freires á altura do cruzamento co Camiño da Puga de Arriba, bastante próximo ó núcleo, polo que a conexión da zona de Xestoso á dita rede xeral de saneamento, estímase non demasiado complexa.

Por outra banda, a rede será de carácter separativo, conectando as augas fecais á rede xeral anteriormente citada, e a rede de augas pluviais formularase conectada á rede de rega de que dispón o núcleo.

aprobado INICIALMENTE con esta data

7.3.- Rede de enerxía eléctrica e rede telefónica.

Vigo, 17 ABR 1998

A subministración de enerxía eléctrica á parroquia de Bembrive está regulado por 7 centros de transformación situados nos lugares da Cruz con 160 Kva. de capacidade, Bembrive de 250 Kva., Parrocha de 250 Kva., Galleiro de 160 Kva., Baruxáns de 160 Kva., San Cibrán de 180 Kva. e Areiro con 75 Kva. de capacidade.

O primeiro centro de transformación sitúase nunha caseta, mentres os restantes centros son aéreos.

Todo o tendido eléctrico é aéreo, con postes de formigón, e en bo estado. Existen caídas de tensión frecuentes, sobre todo a partir das horas do atardecer, con pouca potencia na rede de subministración.

Iluminación pública.- Toda a iluminación na parroquia farase mediante báculos, con luminarias cerradas con lámpadas de vapor de mercurio.

7.4.- Instalación de gas.

Este documento forma parte do expediente n.º  
- 4 5 7 4 / 4 1 1 -

aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data

Non existe rede de gas, farase previsión do seu trazado no proxecto de urbanización.

Vigo, 14 FEB 2000

O SECRETARIO DE ESPARRAMÁN D,

7.5.- Camiños.

O camiño principal, xerador do núcleo, é o chamado Rúa de Xestoso que une o barrio de Chans co mencionado de Xestoso.

Deste camiño xorden outros secundarios, que son os de : Camiño do Pazo, Camiño das Regadas e Camiño de Figueiras.

Rúa de Xestoso.

Ten un ancho actual de 4'5 m. de calzada e de 6 m. entre peches de propiedades enfrontadas.

O plano xeral indicaba un ancho proposto para este vial de 12 m. Este ancho manténse na proposta

Camiño do Pazo.

Ten un ancho de 2'5 metros, o plano xeral presenta unha aliñación entre cerramentos de propiedades enfrontadas de 6'5 metros, fórmula que nós mantemos na nosa proposta, tendo en conta que se trata dunha zona consolidada de edificación.

Vigo, 17 ABR 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

### Camiños das Regadas.

Son dous camiños que partindo da Rúa de Xestoso se dirixen cara ó Oeste ás eiras regadas pola auga das presas. Teñen un ancho de 2m., establecendo o Plano Xeral un ancho futuro de 8 m.

O noso prantexamento é de establecer unha distancia entre aliñacións de 8 m., suficiente para a capacidade que soportaría o vial.

### Camiño das Figueiras.

É o que lle dá límite ó núcleo pola súa parte occidental, ten un ancho de 2'5 m. Establecendo o Plano Xeral unha distancia entre aliñacións de 6 m. Dado que se trata dunha zona non consolidada, establecemos un ancho de 8 m. Co obxecto de cumprir as determinacións impostas pola L.E.S.G.A.

Vigo, 17 FEB 1998

O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez

Os materiais dos camiños, do seu pavimento e dos seus laterais, así como o estado de conservación, indícase nas fichas de información sobre os camiños do núcleo.

Ademais dos camiños principais indicados, existen unha serie de corredeiras de interese.

A principal é a catalogada como elemento de interese con número de catálogo 1. Tamén son camiños peonais de interese o que discorre contiguo á presa dos Barriños e o que conduce cara á zona dos muíños.

## 8.- EQUIPAMENTOS.

O núcleo carece de calquera tipo de equipamento, sendo necesario referirse o conxunto do barrio pra facer constar algún tipo del. En concreto existe un Centro Cultural no barrio de Xestoso.

Non existen zonas verdes no núcleo, non sendo necesarias segundo indica a ficha do PXOU.

Polo que respecta ós equipamentos da parroquia, éstos son :

### - Equipamento Socio - Cultural.

Bembrive conta cun Centro Socio - Cultural situado no lugar de Mosteiro, no barrio do mesmo nome. Ten unha extensión de 115 m2. Aplicándolle o estándar, de 1 m2 /hab., necesitaría de 4.521 m2. Existindo, pois , un déficit de 4.046 m2.

Está constituído por oficinas, Sala de Xuntas, e unha cantina. Conta tamén cunha biblioteca, ubicada nos locais da asociación de veciños.

Vigo, 17 ABR 2000  
O SECRETARIO DA XERENCIA,

Por último sinalar que existen outras asociacións na parroquia, como a asociación de festas, sociedade recreativa de chave e petanca, asociación de mulleres, Bembrive club petanca e sociedade cultural Helios.

### - Equipamento Deportivo.

Bembrive conta cun campo de fútbol, situado na estrada de As Pontes, cunha extensión de 5.800 m2, presentando un deficiente estado de conservación.

Existe ademais unha pista polideportiva, situada no barrio de Mosteiro, cunha extensión de 800 m2, en bo estado de conservación. Aplicándolle o standard pra equipamentos deportivos, de 1 m2 por habitante, este debería de ter unha extensión de 4.521 m2, polo que neste caso existe un superávit de 2.079 m2.

Finalmente, canto ó equipamento turístico, Bembrive conta cunha pensión situada no lugar de Xestoso.

Este documento forma parte do expediente n.º

### - Equipamento Sanitario.

A parroquia de Bembrive conta cun centro de saúde. Ademais a poboación cobre as necesidades sanitarias nos ambulatorios de o Meixoeiro e Coia.

Vigo, 14 FEB 2000  
O SECRETARIO DA XERENCIA,

Asdo.: Fco. Javier García Martínez